



MEMORIA RESUMO EAPN-Galicia

2017

Presentación.....	3
VIII Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva	5
Declaración institucional Parlamento de Galicia contra o odio e a intolerancia ás persoas en pobreza ou exclusión	7
VII Foro Pobreza, Exclusión, Terceiro Sector e Voluntariado	8
Campaña X Solidaria.....	10
Campaña de comunicación #mentiraspobreza.....	12
17 de outubro, día da erradicación da pobreza. Informe “O estado da pobreza en Galicia”	13
Seminario de inclusión social e novas tecnoloxías para a acción social.	15
Construíndo rede, incidindo e participando:	17

Presentación

A **Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN-Galicia)** nace no 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-España) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.

EAPN Galicia defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.¹

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense consonte aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade e equidade de xénero.*

MISIÓN.



“EAPN Galicia-Rede Galega Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, desde un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva.”

¹ <http://eapn-galicia.com/quen-somos/mision-vision-e-valores/>

Obxectivos estratéxicos de EAPN Galicia para o período 2016–2019²:

1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**.
2. Promover unha **participación igualitaria da base social e das persoas en pobreza ou exclusión** en EAPN.
3. Facilitar **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
4. Promover o recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) como actor básico.
5. Consolidar estrutura organizativa da Rede e dala a coñecer no eido local.

Forman parte da EAPN-Galicia ³

ACCEM Galicia * Asociación para a Prevención da Exclusión Social (A.P.E.S.) * Arela* **Asamblea Cooperación pola Paz (ACPP)** * Boa Vida Inclusión Activa * Cáritas Mondoñedo Ferrol * Caritas Tui-Vigo * Caritas Lugo * Caritas Ourense * **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** * Centro Desenvolvemento Rural O Viso * Ecos do Sur * Emaús Fundación Social * **Federación Autismo Galicia** * Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) * **Federación Alzheimer Galicia (FAGAL)** * **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** * Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) * Fundación Amaranta * **Fundación Érguete Integración** * Fundación Juan Soñador * Fundación Meniños * Fundación Secretariado Xitano * **Fundación Ronsel** * Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) * **Médicos do Mundo**

² <http://eapn-galicia.com/quen-somos/obxetivos/>

³ <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

VIII Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva



Con case 100 persoas asistentes, o 23 de maio celebrouse o VIII Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva. Coa finalidade de fomentar a participación das persoas en risco de exclusión social tanto na definición das políticas sociais que máis lles afectan como na loita contra os prexuízos que interfieren no cumprimento e defensa dos seus dereitos fundamentais.

Co previo traballo, do Grupo de Participación da rede, elaboráronse dinámicas co obxectivo de visualizar as mentiras e os prexuízos propios e empatizar cos alleos así como analizar o impacto que teñen na nosa vida e propoñer medidas para a loita efectiva contra eles. Co que se construiu con todas as aportacións o Muro das Mentiras e se elaborou un documento que servirá de base para a campaña informativa a través das redes sociais coa que se pretende romper esta espiral de mentiras sobre persoas e colectivos en risco de exclusión.

Baixo o lema de “Participando contra prexuízos e mentiras!” esta xornada, coa que comezou a campaña [#MentirasPobreza](#) (unha etiqueta que tivo gran éxito en redes sociais durante gran parte do día), buscouse reflexionar sobre as barreiras que impiden a inclusión efectiva das persoas en risco de pobreza e/ou exclusión e reclamando os seus dereitos e dignidade.



Declaración institucional Parlamento de Galicia ⁴ contra o odio e a intolerancia ás persoas en pobreza ou exclusión

**DUN MURO DAS MENTIRAS
A UN MURO DA INCLUSIÓN**
#MentirasPobreza

As persoas non son culpables da súa pobreza.
Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais. Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tuteladas ou as privadas de liberdade.

Ningún e culpable do seu sufrimento.
Non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual. Non existen as relixións que defendan o terrorismo ou a violencia. **Ningunha persoa é inútil.** Sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar.

As persoas que sofren e denunciaron estas e outras moitas mentiras no último Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva ou as que afirmaron que "o máis perigoso dos prexuízos é cando ti mesmo os cres" **non están soas.**

(Declaración Institucional Parlamento de Galicia no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 17.10.2017)

www.pobreza.gal

REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA

EAPN GALICIA


No Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, os grupos políticos comprometéronse por **unanimidade** a loitar contra a pobreza extrema e a súa transmisión interxeracional, afirmando que *“a recuperación económica non será efectiva mentres non garanta o dereito a unha vida digna a todos os galegos”*

“As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais. Ningún é inútil nin culpable do seu sufrimento”, conclúe esta Declaración promovida por EAPN Galicia e **aprobado** polo Parlamento, advertindo da *“crecente evolución dos prexuízos, estereotipos e intolerancia”* cara as persoas en pobreza ou exclusión.

⁴ <http://eapn-galicia.com/o-parlamento-de-galicia-aproba-por-unanimidade-unha-declaracion-institucional-contr-o-odio-e-a-intolerancia-as-persoas-en-pobreza-ou-exclusion/>

VII Foro Pobreza, Exclusión, Terceiro Sector e Voluntariado

Baixo o lema de “Mellorando a inclusión social contra a transmisión da pobreza” quíxose dar a coñecer iniciativas de loita contra a pobreza que beneficien directamente á poboación infantil e xuvenil dente os eidos socioeducativo, sociosanitario ou da súa participación. E identificar propostas para a mellora das políticas e programas que poden impedir a transmisión interxeneracional da pobreza.



Organizáronse 2 diálogos sobre cómo evitar que a pobreza se herde. No primeiro diálogo, contouse co apoio externo de Jordi Longás (Programa CaixaProInfancia) e coa participación de tres persoas expertas e 43 participantes que conxuntamente elaboraron un documento no que se analizan fortalezas e debilidades destas iniciativas así como propostas de mellora neste senso.

Nun segundo diálogo falouse sobre o nivel de participación de nenas e nenos e como melloralas. Nel contouse con tres persoas expertas e 22 participantes que, de maneira conxunta, elaboraron un documento na que se analizan fortalezas e debilidades destas iniciativas así como propostas de mellora neste senso.

Con motivo da realización do Foro e dos diálogos organizados en base a temática da transmisión interxeneracional da pobreza, [elaborouse un dossier que](#)

[contén información básica](#)⁵ en torno a esta materia dirixida a poboación en xeral, a través do cal accedemos de xeito sinxelo información estatística sobre a transmisión da pobreza, a súa situación, terminoloxía básica para entendela e programas e outra documentación de interese

O Foro sobre Pobreza, Exclusión, Terceiro Sector e Voluntariado tivo lugar na Facultade de matemáticas de Santiago de Compostela o día 24 de outubro do 2017.

⁵ <http://eapn-galicia.com/es/que-facemos/investigacion-e-formacion/foro-sobre-pobreza/vii-foro-sobre-pobreza-exclusion-social-terceiro-sector-e-voluntariado/>

Campaña X Solidaria

A través da difusión da “X Solidaria”, dende o Grupo de Participación preténdese chegar a poboación en xeral informando sobre os proxectos sociais que realizan as entidades implicadas de dentro e fora da rede, así como animando a súa participación a través do voluntariado ou da súa aposta polo X con fins sociais da declaración da renda.


O 7 de abril presentouse nunha rolda de prensa, na que se reuniron as entidades do terceiro sector galego, representadas por EAPN-Galicia, CERMI-Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD, [a campaña do X Solidario: “RENTATERAPIA”](#),⁶ que informa e anima ás persoas contribuíntes para que marquen o recadro de Fins Sociais á hora de facer a súa Declaración da Renda.



Enumeráronse os múltiples programas que se veñen beneficiando cada ano grazas á X Solidaria, e destacouuse a importancia que as entidades lle otorgan á transparencia nestes datos.

⁶ <http://xsolidaria.org/>

Coincidindo con esta campaña elaborouse un mapa detallado dos servizos prestados polas entidades do Terceiro Sector Social en Galicia, financiados coa casiña de fines sociais do IRPF.



#RentaTerapia www.XSolidaria.org

Campaña de comunicación #mentiraspobreza


Partindo do traballo realizado polo grupo de Participación para o VIII Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva, lanzouse a campaña de comunicación #MentirasPobreza, a través da cal se realizaron diferentes actividades transversais dende diferentes grupos de traballo da EAPN Galicia co fin de por ás persoas en risco de pobreza ou exclusión no centro do debate público e político. Esta campaña prevese que sexa transversal ás actuacións de EAPN Galicia e que especialmente se desenvolva no 2018 xa co impulso dende o grupo de Comunicación.

A través dun proceso participativo, elaborouse o documento “Participando contra prexuízos e mentiras” decálogo de propostas dirixidas a diferentes estamentos sobre a loita contra os prexuízos, a aporofobia e discurso do odio no que derivan e que facía chegar unha petición de compromiso pola loita contra a pobreza e a exclusión que emanaba das persoas que a están a sufrir.

17 de outubro, día da erradicación da pobreza. Informe “O estado da pobreza en Galicia”

Dende os Grupos de Participación e Comunicación deseñouse a exposición “Dun muro de Mentiras a un muro de Inclusión” na que se recollen os prexuízos que afectan as persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social e as súas propostas realizadas no VII Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva. Esta exposición non poido inaugurarse no Parlamento de Galicia, pero prévese que se poida levar a cabo o 20 de febreiro de 2018 (Día Mundial da xustiza Social) e ademais, convértese nunha exposición itinerante que será presentada en diferentes entidades membro da rede.

Neste día presentouse o informe :“[O estado da Pobreza en Galicia](#)”⁷ en paralelo á presentación do informe o Estado de Pobreza en España 2017, impulsado dende EAPN España.



⁷ <http://eapn-galicia.com/a-cuarta-parte-da-poboacion-galega-vivia-en-2016-en-risco-de-pobreza/>

O informe, baseado nos datos de Eurostat e o Instituto Nacional de Estadística, revela por exemplo que en 2016 690.505 persoas, o 25,4 % da poboación residente en Galicia, estaban en Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social (ARPE nas siglas en inglés). Prodúcese un descenso moi leve da taxa ARPE, que no 2015 era do 25,7%.

A recuperación económica non está chegando de xeito decidido as persoas máis vulnerables. 108.000 galegas e galegos viven en pobreza severa, con ingresos inferiores a 4.104€ ao ano (342€/mes). Aínda que son 23.000 menos que no 2015 (a taxa pasa do 4,8% ao 4%) estas persoas non conseguiron saír da pobreza, polo que a súa mellora de calidade de vida é moi feble

Por outra parte co fin de fomentar o coñecemento sobre a situación da pobreza en Galicia, elaborouse a ficha “[O que debes saber sobre a pobreza](#)”⁸ dirixida a poboación en xeral, responsables políticos e medios de comunicación.

⁸ <http://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2017/10/Ficha-Que-es-pobreza-y-como-es-en-Galicia-2017.pdf>

Seminario de inclusión social e novas tecnoloxías para a acción social.

O Grupo de comunicación de EAPN Galicia organizou a segunda edición do Seminario de inclusión dixital e novas tecnoloxías para a acción social

38 persoas de 22 organizacións de acción social participaron neste seminario que tivo como finalidade perfeccionar a área de comunicación dos asistentes aínda que non contasen con coñecementos específicos neste eido.



Traballáronse temas con contidos prácticos como a importancia dunha linguaxe inclusiva, unha lectura fácil, ou a xestión de redes sociais como Facebook ou Twitter.

O seminario tivo unha duración de 8 horas, e foi impartido no Centro Demostrador de Tic de Galicia (CDTIC), en Santiago de Compostela.



Coas presentacións e material do seminario, liberouse o [Manual Básico de Comunicación para ONG](#) ⁹ realizado polo Grupo de Comunicación de EAPN Galicia e dirixido a entidades do Terceiro Sector de Acción Social.

⁹ <http://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2017/12/MANUAL-COMUNICACION-BASICA-PARA-ONG-2017-1.pdf>

Construíndo rede, incidindo e participando:

Co obxectivo de fortalecer a rede, establecer novas alianzas entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, e ser interlocutor de referencia dando a coñecer a entidade e as súas actuacións, EAPN-Galicia levou a cabo e/ou participou en diversas accións e actividades que se relacionan a continuación:

→ **Cómo melloramos a participación?**¹⁰ Dende o Grupo de Participación organizouse este seminario para reflexionar sobre as posibilidades de expansión e mellora da participación das persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión a diferentes niveis: na propia EAPN e nas entidades que a forman, xa que todas elas teñen tamén procesos participativos na súa metodoloxía de traballo.



¹⁰ <http://eapn-galicia.com/como-melloramos-a-participacion/>

→ **Documento Demandas para a nova lexislatura:** elaborouse o documento “As persoas primeiro. Un pacto contra a pobreza nunha lexislatura das persoas”, decálogo de propostas dirixidas as diferentes formacións políticas, e que se fixo chegar aos distintos grupos parlamentarios como unha petición de compromiso pola loita contra a pobreza e a exclusión que emanaba das persoas que a están a sufrir

→ **Seguimento Axenda Social de Galicia:** realizouse un seguimento do cumprimento das medidas ao longo do ano, no mes de febreiro mantívose unha xuntanza co Conselleiro de Política Social e o Director Xeral de Inclusión na que se lles presentou un documento que recollía os avances na materia e a necesidade de seguir avanzando na coordinación entre Xunta, concellos e Terceiro Sector de Acción Social.

→ **Informes:** “A situación da vivenda en Galicia 2017”, “Cláusulas sociais na contratación pública de servizos sociais e/ou programas sociais”, “Informe impacto sentencia 0,7% IRPF”

→ **Prioridades proxecto Decreto Lei de Inclusión-RISGA:** O Grupo de traballo Normativa-RISGA mantivo unha xuntanza co equipo técnico da Dirección Xeral de Inclusión responsable da regulación e seguimento de dita prestación ao cal se presenta unha batería de propostas e recomendacións a ter en conta en relación ao decreto.

→ **Consulta e estudo emprego:** realizouse un obradoiro no mes de febreiro para identificar as principais preocupacións, obstáculos e demandas neste eido. Nunha segunda fase impulsouse unha consulta online de uso interno que pretende obter unha visión dos principais problemas que se detectan nas diferentes políticas e ferramentas de

inserción sociolaboral así como validar e refutar o documento inicial. O informe resultado destas consultas presentarase no 2018 e será a base de incidencia política neste eido.

Específicamente, dende EAPN Galicia se analizaron e realizaron propostas sobre a situación do emprego da mocidade galega e a Estratexia de Emprendimento e Emprego Xuvenil en especial sobre a iniciativa de Garantía Xuvenil, baseándose a análise da situación en Galicia para incluírse no estudo levado a cabo por EAPN España.

→ **Consulta Estratexia Galega Persoas sen Fogar:** fíxose unha consulta ás entidades membro da Rede especializadas no traballo con persoas sen fogar, así como a súa relación coa Estrategia Nacional de Personas sin Hogar ou a Estratexia Galega de Inclusión Social

→ **Propostas e emendas realizadas a normativas e plans de actuación:** No 2017 fixéronse aportacións en areas como normativa de inclusión (RISGA), Estratexia Galega Infancia de mocidade, concerto social, etc.

Actualizouse tamén o documento de implantación de Cláusulas Sociais na contratación pública de servizos sociais para servir de base na comisión específica sobre este tema no Consello Galego de Benestar

→ **Seminarios Pobreza e Exclusión social:** realizáronse seminarios e ponencias na Escola de Traballo Social, Facultade de Dereito e Facultade de Historia (USC), Escola de Relacións Laborais (UDC), Facultade Educación/Grao Traballo Social (UVigo-Ourense), Programa Importanos (UVigo e Concello Vigo), Colexio Maior San Agustín (Santiago). Impartiuse un seminario ao alumnado da materia de Comunicación

Solidaria no cuarto curso da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación en Pontevedra.

→ [Participación Estudo EMIN/Rendas Mínimas:](#)¹¹ [A rede europea EMIN \(European Minimum Income Network\)](#), coordinada por EAPN, pretende reclamar un ingreso mínimo axeitado e accesible e destacar que non só é beneficioso para aquelas persoas que directamente o perciben, senón para toda a sociedade. Nesta liña argumentaria, traballárase durante os anos 2017 e 2018 para garantir o progreso neste eido a través da participación nos debates e iniciativas políticas a todos os niveis.

Moito máis en:

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia \(Twitter\)](#)

[EAPN Galicia \(Facebook\)](#)

¹¹ <http://eapn-galicia.com/esiximos-unha-renda-minima-para-123-millons-de-europeos-en-pobreza-ou-exclusion/>